



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Política Financeira,
Tesouro e Fondos Europeos

**SOLICITUDE E INSTRUCCIÓN PARA A INSCRICIÓN
COMO CORREDOR/A DE SEGUROS PERSOA
XURÍDICA**



EN ESTE ÍNDICE DE CONTIDOS, FACENDO CONTROL + CLICK NOS DIFERENTES APARTADOS PODERÁ ACCEDER DIRECTAMENTE Á INFORMACIÓN SELECCIONADA.

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN	3
INSTRUCCIÓN.....	4
1) Escritura de constitución da sociedade ou cooperativa (artigo 27.1 a):	4
2) Formación (artigo 27.1 b):.....	4
3) Experiencia dos administradores (artigo 27.1.c):	5
4) Declaración sobre a honorabilidade comercial e profesional (artigo 27.1 d):	5
5) Seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía financeira (artigo 27.1 e):	5
6) Documentación acreditativa da capacidade financeira (artigo 27.1.f):.....	5
7) Programa de actividades (artigo 27.1 g):.....	6
8) Declaración de non incorrer nas causas de incompatibilidade (artigo 27.1 h):	7
9) Publicidade	7
10) Relacións coa clientela	7
11) Xustificación do ingreso da taxa por inscrición	7
ANEXO 0	9
ANEXO I	10
ANEXO II	11
ANEXO III	12
ANEXO IV	13
ANEXO V	14
ANEXO VI	15
ANEXO VII	16
ANEXO VII.1	19
ANEXO VII.2	20
ANEXO VII.3	21
ANEXO VII.4	22
ANEXO VII.5	23
ANEXO VII.6	24
ANEXO VII.7	25
ANEXO VIII.1	26
ANEXO VIII.2	27
ANEXO VIII	28



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Política Financeira,
Tesouro e Fondos Europeos

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

CORREDOR DE SEGUROS PERSOA XURÍDICA

D/Dª:	NIF/NIE:		
en representación de <small>Denominación/Razón social</small>			
NIF:	con domicilio social en:		
Provincia:	C.P.:	Rúa:	
Nº:	Piso:	Letra:	Teléfono:
Datos a efectos de notificacións. Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao enderezo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:			
Teléfono móbil:		Correo electrónico:	
Dominio/Dirección de internet:			

Solicito a preceptiva inscrición de _____ no Rexistro Administrativo Especial de Mediadores de Seguros, Corredores de Reaseguros e dos seus altos cargos da comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, para exercer como corredor de seguros, persoa xurídica.

Xunto con esta solicitude achéganse os seguintes documentos:

- Escritura de constitución da sociedade mercantil ou cooperativa e, no seu caso, das modificacións posteriores.
- Documentación acreditativa dos requisitos de formación e coñecementos para o exercicio da actividade de mediación.
- Declaración da experiencia dos administradores.
- Declaración sobre a honorabilidade comercial e profesional.
- Acreditación da contratación do seguro de responsabilidade civil profesional ou calquera outra garantía financeira.
- Documentación relativa á capacidade financeira.
- Programa de actividades.
- Declaración do ámbito de actuación.
- Programa de formación.
- Declaración sobre incompatibilidades.
- Publicidade.
- Documentación relativa á protección da clientela.
- Acreditación do ingreso da taxa por inscrición.

Declaro baixo a miña responsabilidade que os documentos presentados se corresponden cos orixinais que obran no meu poder. Así mesmo, comprométome a achegar, con carácter inmediato, ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a documentación acreditativa das modificacións que, no seu caso, se producen nas circunstancias e documentos que e se presentan para a obtención da inscrición.

Asinado electronicamente:

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOIRO E FONDOS EUROPEOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Debe ler a información sobre protección de datos que figura no [Anexo 0](#)



INSTRUCCIÓNS

A figura de corredor de seguros está regulada no artigo 27 da lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados. Segundo o regulado nesta lei, a documentación a achegar, xunto co formulario de solicitude, será a que se relaciona a continuación.

1) Escritura de constitución da sociedade ou cooperativa (artigo 27.1 a):

As sociedades de corredoría deberán adoptar a forma de sociedades mercantís ou cooperativas inscritas no rexistro mercantil. Polo tanto, deberá achegarse a escritura de constitución como sociedade mercantil ou cooperativa, e, no seu caso, das modificacións posteriores, inscritas no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Cooperativas, respectivamente, xunto aos estatutos sociais nos que deberá constar dentro do apartado correspondente ao obxecto social a realización de actividades de corredoría de seguros. Cando a sociedade sexa por accións estas deberán ser nominativas.

Deberá terse en conta a reserva de denominación establecida no artigo 7.5 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, polo cal as palabras "seguros", "reaseguros" ou ambas as dúas á vez quedan reservados en exclusiva para as entidades aseguradoras.

2) Formación (artigo 27.1 b):

a) Os Directores técnicos ou postos asimilados e polo menos a metade das persoas que integran o órgano de dirección responsable da mediación dos seguros, deben ter formación do Grupo A que se pode acreditar polos seguintes medios:

- Certificación acreditativa de ter superado o curso de formación ou proba de aptitude correspondentes ao grupo A, emitida polo organizador, de conformidade co establecido no artigo 39 da Lei 26/2006, no Real Decreto 764/2010 modificado polo Real Decreto 1490/2011, de 24 de outubro, e na Resolución do 18 de febreiro de 2011 da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
- Diploma de mediador de seguros titulado (apartado 1, Disposición Adicional única do Real Decreto 764/2010).
- Documento que xustifique experiencia previa con anterioridade a entrada en vigor da Lei 26/2006 conforme ao establecido no apartado 2 da Disposición Adicional Única do Real Decreto 764/2010.

b) Os empregados e colaboradores externos aos que se lles atribúan funcións de asesoramento e asistencia aos clientes e participen directamente na mediación dos seguros, deben ter formación do Grupo B, que se pode acreditar polos seguintes medios:

- Certificación acreditativa de ter superado o curso de formación correspondente ao grupo B, emitida polo organizador, de conformidade co establecido no artigo 39 da Lei 26/2006, no artigo 10 do Real Decreto 764/2010 modificado polo Real Decreto 1490/2011, de 24 de outubro, e na Resolución do 18 de febreiro de 2011 da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
- Documento que xustifique experiencia previa con anterioridade á entrada en vigor da Lei 26/2006 conforme ao establecido no apartado 2 da Disposición Adicional Única do Real Decreto 764/2010.



c) *Os empregados e colaboradores externos que desempeñen funcións auxiliares de captación de clientes ou de tramitación administrativa, sen prestar asesoramento nin asistencia aos clientes, deben ter formación do Grupo C, que se pode acreditar polos seguintes medios:*

- Certificación acreditativa de ter superado o curso de formación correspondente ao grupo C, emitida polo organizador, de conformidade co establecido no artigo 39 da Lei 26/2006, no artigo 10 do Real Decreto 764/2010 modificado polo Real Decreto 1490/2011, de 24 de outubro, e na Resolución do 18 de febreiro de 2011 da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
- Título oficial universitario ou de formación profesional de ter cursado materias comprensivas dos contidos establecidos no anexo 3 da Resolución do 18 de febreiro do 2011. Regra 1ª do artigo 13 do Real Decreto 764/2010.
- Documento que xustifique experiencia de un ano desenvolvendo funcións da mesma natureza. Regra 3ª do artigo 13 do Real Decreto 764/2010.
- Documento que xustifique experiencia previa con anterioridade á entrada en vigor da lei 26/2006, conforme ao establecido no apartado 2 da disposición adicional única do Real Decreto 764/2010.

3) Experiencia dos administradores (artigo 27.1.c):

Declaración de experiencia en funcións de administración (segundo o establecido no artigo 27.1 c) da Lei 26/2006. ([Anexo I](#))

4) Declaración sobre a honorabilidade comercial e profesional (artigo 27.1 d):

Esta declaración debe ser presentada polos socios, os administradores e polas persoas que exerzan a dirección técnica ou formen parte do órgano de dirección responsable da mediación.

([Anexo II](#))

No caso de que se prevea a existencia de persoal que participe directamente na mediación de seguros, esta declaración deberá asinarse polo representante legal da sociedade ([Anexo III](#))

5) Seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía financeira (artigo 27.1 e):

Para iniciar a tramitación do expediente abondará a presentación do documento no que a entidade que asuma a garantía, se comprometa a aceptar a cobertura do risco e a emitir a póliza de seguro ou a garantía nos termos establecidos na Lei 26/2006, no caso de que se autorice a inscrición no Rexistro.

Non obstante, será requisito imprescindible para ditar a Resolución de inscrición, achegar o seguro de Responsabilidade Civil Profesional ou outra garantía financeira que cubra en todo o territorio do Espazo Económico Europeo, as responsabilidades que puidesen xurdir por negligencia profesional. Os importes a contratar son os recollidos na Resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de 22 de outubro de 2013 (1.250.618,00 € por sinistro e 1.875.927,00 € para tódolos sinistros). Xunto coa póliza do seguro achegarase o recibo do pagamento que acredite a súa vixencia.

6) Documentación acreditativa da capacidade financeira (artigo 27.1.f):

Poden darse os seguintes supostos:



- a) Que a sociedade de corredoría pacte, de forma expresa, coas entidades aseguradoras que os importes aboados pola clientela se realizarán directamente a través de domiciliación bancaria en contas abertas a nome daquelas, ou que, no seu caso a sociedade de corredoría de seguros ofrezca ao tomador unha cobertura inmediata entregando o recibo emitido pola entidade aseguradora, e que, en todo caso, as cantidades aboadas en concepto de indemnización se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

Neste caso haberá que achegar unha declaración do representante legal da sociedade segundo o modelo do [Anexo IV](#)

- b) Que non existan pactos expresos coas Entidades Aseguradoras. Polo tanto a sociedade de corredoría debe asumir a garantía de capacidade financeira. Neste caso deberá cubrir o documento da declaración e cálculo da capacidade financeira segundo se acredite mediante póliza de seguro de caución **ou** aval ([Anexo V](#)). O devandito cálculo deberá efectuarse baseándose na previsión de ingresos para o primeiro exercicio que consta no programa de actividades.

Para iniciar a tramitación do expediente de inscrición, abondará a presentación do documento no que a entidade financeira, sociedade de garantía recíproca ou aseguradora asuma o compromiso de prestar a garantía.

No caso de contratar un aval, deberá achegar o resgardo acreditativo do seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma ou en calquera das súas sucursais (Delegacións Territoriais da Consellería de Facenda. No caso de contratar un seguro de caución deberá achegar as condicións xerais e particulares da póliza xunto ao seu xustificante de pagamento.

Achégase modelo de aval ([Anexo VI](#)).

7) Programa de actividades (artigo 27.1 g):

Anexo VII:

Deberase achegar un programa explicativo da actividade a desenvolver no que se indique, polo menos:

- a) Os ramos de seguro e a clase de riscos en que se proxecte mediar.
- b) Ámbito Territorial da súa actuación ([Anexo VII.1](#)). (En virtude da distribución de competencias entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas establecida no artigo 47 da Lei 26/2006, deberase achegar declaración asinada polo solicitante na que manifieste que o domicilio e o ámbito de operacións nos que vai exercer a súa actividade de mediación limítase ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.)
- c) Estrutura da organización. ([Anexo VII.2](#), [Anexo VII.3](#) e [Anexo VII.4](#)).
- d) Medios materiais e persoais dos que se vaia dispoñer ([Anexo VII.5](#), [Anexo VII.6](#) e [Anexo VII.7](#))
- e) Para dar cumprimento aos artigos 44 e seguintes da Lei 26/2006, deberase incluír a documentación relativa á designación do departamento ou servizo de atención ao cliente ou, no seu caso, do defensor do cliente. Deberase achegar acordo do órgano de administración da creación do departamento, designación do seu titular e aprobación do regulamento de funcionamento.



- f) Deberase achegar unha declaración ou compromiso de dispor dun programa de formación continua dos empregados ou colaboradores externos en conformidade co artigo 27 da lei 26/2006 modificada pola disposición final décima da Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras.

8) Declaración de non incorrer nas causas de incompatibilidade (artigo 27.1 h):

Deberán presentar esta declaración, debidamente asinada, os directores, xerentes, delegados, apoderados xerais e os que baixo calquera título leven a dirección xeral ou a dirección técnica. Os termos da mesma recóllense no [Anexo VIII](#)

No caso de existir contrato previo de axencia ou de tratarse de un axente exclusivo deberán cumprimentar o [Anexo VIII.1](#) e o [Anexo VIII.2](#)

9) Publicidade

Na documentación que remitan coa solicitude deben facer referencia a que na publicidade se vai cumprir o establecido no artigo 33.1 da Lei 26/2006. É dicir, identificarse coa figura de mediación, indicar a clave de inscrición no rexistro e informar que dispón de seguro de responsabilidade civil e, de ser o caso, de que dispón de capacidade financeira. Así mesmo deberá ter en conta o regulado no punto 3 do mesmo artigo.

10) Relacións coa clientela

Forma en que vai dar cumprimento ás obrigas de información á clientela en canto a:

- a) Proporcionar aos clientes a información previa á celebración dun contrato de seguro. Artigo 42, apartados 1, 2 e 3 da Lei 26/2006.
- b) Obriga de levar a cabo unha análise obxectiva nos termos do previsto nos artigos 26 e 42.4 da lei 26/2006 segundo a modificación da disposición final décima da lei 20/2015.
- c) Forma de retribución do corredor e información á clientela. Artigo 29.2 da Lei 26/2006.
- d) Modalidades de transmisión da información.

11) Xustificación do ingreso da taxa por inscrición

Deberá achegarse o exemplar para a Administración do impreso de pagamento de taxas.

O modelo de pagamento da taxa pode ser xerado electronicamente a través da páxina web da Axencia Tributaria de Galicia (**ATRIGA**):

<http://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>

As tarifas vixentes poden consultalas no seguinte enlace (concepto 30.41.03):

<http://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas>

Pode realizar o pagamento de dous xeitos:

- Pagamento telemático.
- Mediante a ligazón Modelo A1. Autoliquidación de Taxas. Neste caso xérase o documento para entregar na oficina bancaria na que realice o pagamento.



- Taxas e prezos
- Normativa asociada
- Normativa vixente (versión electrónica)
- Prezos vixentes
- Tarifas vixentes de taxas
- Confección on-line impresos**
- Borradores de modelos de ingresos
- Modelos de escritos
- Entidades financeiras colaboradoras
- Oficinas xestoras
- Aceso á Oficina Virtual Tributaria

Confección on-line de impresos de Taxas e Prezos

Nesta ligazón, Vde. pode xerar un impreso de autoliquidación de taxas e prezos cuberto na súa totalidade ou só en parte, ou ben en branco. Unha vez recheos os apartados que desexa cubrir, deberá picar o botón "obter formulario" e xerarse o modelo AI correspondente. Deberá imprimilo e despois presentalo en calquera das **entidades financeiras colaboradoras** na recadación de taxas e prezos para facer efectivo o ingreso correspondente.

- Se necesita información sobre os códigos de Consellería, Delegación ou Servizo, [pique aquí](#).
- Se necesita información sobre os códigos e importes das taxas, [pique aquí](#).
- Se necesita información sobre os códigos e importes dos prezos, [pique aquí](#).
- Se desexa obter o impreso e facer o pago telemático [pique aquí](#).
- (*). - Estes impresos poderanse obter en calquera Oficina Xestora da Xunta de Galicia.

Ligazóns asociadas

Modelo AI. Autoliquidación de Taxas...

Os códigos a cumprimentar no modelo son:

CÓDIGOS	Consellería de Economía e Facenda	Código:	<input type="text" value="0"/> <input type="text" value="5"/>
	Delegación de Servizos Centrais	Código:	<input type="text" value="1"/> <input type="text" value="3"/>
	Servizo de Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro	Código:	<input type="text" value="0"/> <input type="text" value="6"/>
	Taxa: denominación: INSCRIPCIÓN DUNHA SOCIEDADE DE CORREDORÍA DE SEGUROS	Código:	<input type="text" value="3"/> <input type="text" value="0"/> <input type="text" value="4"/> <input type="text" value="1"/> <input type="text" value="0"/> <input type="text" value="3"/>



ANEXO 0

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase do seguinte:

Os datos de carácter persoal recollidos neste formulario serán tratados na súa condición de responsable pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, con enderezo no edificio administrativo de San Caetano, s/n de Santiago de Compostela. Teléfonos: 981 545 162 e 981 544 089 Enderezo electrónico: mediadores.seguros.facenda@xunta.gal

A finalidade do tratamento será a inscrición no rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia para poder exercer a actividade de mediación.

A lexitimación para o tratamento baséase na Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados. No caso de non proporcionar os datos solicitados non se poderá exercer a actividade.

Os datos conservaranse durante o tempo que exerza a actividade de mediación para a que sexa autorizado e para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que podan derivarse de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Os seus datos serán comunicados á dirección xeral de Seguros e Fondos de Pensións do Ministerio de Economía e Empresa para ser publicados no Punto Único de Información(PUI)de mediadores de seguros e reaseguros.

Poderá acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Ademais terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Contacto do delegado de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>



ANEXO I

DECLARACIÓN DE EXPERIENCIA DOS ADMINISTRADORES PARA EXERCER FUNCIONES DE ADMINISTRACIÓN

IDENTIFICACIÓN:

Nome: _____

NIF/NIE: _____

Domicilio (rúa, poboación, provincia, código postal, país): _____

Teléfono: _____ Nacionalidade: _____

Profesión: _____

Cargo na corredoría: _____

Data do acordo de nomeamento: _____

Data da inscrición no Rexistro Mercantil, no seu caso: _____

Outras funcións desempeñadas na corredoría: _____

EXPERIENCIA

a) Descrición de actividades realizadas e datas de realización destas: *(Acreditar documentalmente)*

- Previas e actuais vinculadas ao sector financeiro, asegurador e da mediación de seguros e reaseguros privados: _____

- Previas e actuais distintas das anteriores pero que se atopan sometidas a un réxime específico de supervisión administrativa: _____

- Outras actividades previas e actuais: _____

b) Relación detallada das vinculacións financeiras ou de dirección, se as houberse, con entidades de seguros ou de reaseguros, financeiras e de crédito, axentes ou sociedades de axencia, peritos ou sociedades de peritaxe ou outras sociedades de corredoría de seguros: *(En caso negativo, sinalar que non existen)*

Asinado electronicamente:



ANEXO II

DECLARACIÓN DE HONORABILIDADE COMERCIAL E PROFESIONAL DOS SOCIOS, DOS ADMINISTRADORES, DAS PERSOAS QUE INTEGRAN O ÓRGANO DE DIRECCIÓN RESPONSABLE DA MEDIACIÓN DOS SEGUROS E DAS PERSOAS QUE EXERCERÁN A DIRECCIÓN TÉCNICA OU POSTO ASIMILADO.

Nome e apelidos: _____

con NIF/NIE: _____

en calidade de: *(indicar cargo desempeñado na sociedade)* _____

Aos efectos de acreditar o cumprimento do requisito de honorabilidade comercial e profesional esixido no artigo 27.1.d) da lei 26/2006, de 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados,

Declara baixo a súa responsabilidade que:

1. Realizou as seguintes actividades profesionais hasta o momento da solicitude de inscrición:

- Previas e actuais vinculadas ao sector financeiro, asegurador e da mediación de seguros e reaseguros privados. _____

- Previas e actuais distintas das anteriores pero que se atopan sometidas a un réxime específico de supervisión administrativa. _____

- Outras actividades previas e actuais: _____

- Relación detallada das vinculacións financeiras ou de dirección, se as houberse, con entidades de seguros ou de reaseguros, financeiras e de crédito, axentes ou sociedades de axencia, peritos ou sociedades de peritación ou outras sociedades de corredoría de seguros: (En caso negativo, sinalar que non existen)

2. Que no exercicio de ditas actividades veu observando unha traxectoria persoal de respecto ás leis mercantís e outras que regulen a actividade económica e a vida dos negocios así como as boas prácticas comerciais, financeiras e de seguros.

3. Que carece de antecedentes penais por delitos de falsidade, violación de segredos, descubrimento e revelación de segredos contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social, malversación de caudais públicos e calquera outros delitos contra a propiedade.

4. Que non está inhabilitado para exercer cargos públicos ou de administración ou de dirección de entidades financeiras, aseguradoras ou de mediación de seguros ou de reaseguros.

5. Que non foi suspendido por sanción firme para o exercicio da actividade de mediación conforme ao previsto no artigo 56 da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.

6. Que non foi inhabilitado conforme ao disposto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal.

7. Que non incorre en incapacidade ou prohibición ningunha conforme á lexislación vixente.

Asinado electronicamente:



ANEXO III

DECLARACIÓN DE HONORABILIDADE COMERCIAL E PROFESIONAL DO PERSONAL QUE PARTICIPA DIRECTAMENTE NA MEDIACIÓN DOS SEGUROS

Nome e apelidos: _____

con NIF/NIE: _____ actuando en calidade de: _____

_____ como representante legal de _____

Para os efectos de acreditar o cumprimento do requisito de honorabilidade comercial e profesional esixido no artigo 27.1 letra d) en relación co 10.1 da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados:

Declaro baixo a miña responsabilidade que as persoas que participarán directamente na mediación dos seguros:

- Viñeron observando unha traxectoria persoal de respecto ás leis mercantís ou outras que regulen a actividade económica e a vida dos negocios, así como ás boas prácticas comerciais, financeiras e de seguros.

- Carecen de antecedentes penais por delitos de falsidade, violación de segredos, descubrimento e revelación de segredos contra a facenda pública e contra a Seguridade Social, malversación de caudais públicos e calquera outros delitos contra a propiedade e que non foron inhabilitados para exercer cargos públicos ou de administración ou de dirección de entidades financeiras, aseguradoras ou de mediación de seguros ou de reaseguros.

- Non foron suspendidos por sanción firme para o exercicio da actividade de mediación conforme ao previsto no artigo 56 da Lei 26/2006.

- Non foron inhabilitados conforme ao disposto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal.

- Non incorren en incapacidade ou prohibición ningunha conforme ao disposto na lexislación vixente.

Asinado electronicamente:



ANEXO IV

DECLARACIÓN DE NON ESTAR SUXEITO Á OBRIGA DE DISPOÑER DE CAPACIDADE FINANCEIRA

D/D^a _____

NIF/NIE _____

actuando en calidade de _____

como representante legal de _____

DECLARO

Que para os efectos de cumprir o requisito establecido no artigo 27.1.f) da Lei 26/2006, como corredor de seguros, persoa xurídica, comprométome a pactar de forma expresa coas entidades aseguradoras, que os importes aboados pola clientela se realizarán directamente a través de domiciliación bancaria en contas abertas a nome daquelas, ou que, no seu caso, se ofrecerá ao tomador unha cobertura inmediata entregando o recibo emitido pola entidade aseguradora correspondente, e en todo caso, as cantidades aboadas en concepto de indemnización se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

Que, no caso de que se resolva conceder pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a inscrición como sociedade de corredoría de seguros, asumo o compromiso de achegar as cartas de condicións subscritas coas entidades aseguradoras nas que consten expresamente os extremos mencionados no parágrafo anterior.

Que asumo o compromiso de comunicar e acreditar ante a citada Dirección Xeral calquera cambio no requisito de capacidade financeira, co fin de manter a inscrición no rexistro ao que fai referencia o artigo 52 da lei 26/2006.

Asinado electronicamente:



ANEXO V

DECLARACIÓN E CÁLCULO DA CAPACIDADE FINANCEIRA

D/D^a _____

NIF/NIE _____

actuando en calidade de _____

como representante legal de _____

DECLARO

Que para os efectos de cumprir o requisito de dispoñer de capacidade financeira conforme ao establecido no artigo 27.1.f) e na disposición transitoria terceira da Lei 26/2006, o cálculo do importe realízase conforme ás seguintes cantidades:

A: Importe das primas anuais estimadas para o primeiro exercicio no programa de actividades	€
B: 4% sobre A	€
C: Importe mínimo (D.T. 3º 1.b) Lei 26/2006:	18.760* €
D: <u>IMPORTE CAPACIDADE FINANCEIRA:</u> (Cifra maior entre B e C)	€

Para os devanditos efectos contrátase seguro de caución coa entidade _____, achegando xunto con esta declaración as condicións xerais e particulares da póliza e do seu xustificante de pagamento **ou** un aval coa entidade _____, achegando xunto con esta declaración o resgardo do seu depósito na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma.

Que esta sociedade asume o compromiso ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos de actualizar o importe da capacidade financeira, co fin de manter a inscrición no rexistro ao que fai referencia o artigo 52 da Lei 26/2006.

Asinado electronicamente:

() Importe actualizado pola Resolución do 22 de outubro do 2013, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se publica a actualización prevista no apartado 2 da disposición transitoria terceira da Lei 26/2006 (BOE número 236 do 30/09/08)*



ANEXO VI

MODELO DE AVAL PARA SOCIEDADES DE CORREDORÍA DE SEGUROS

A entidade (*razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca avalista*).....

.....*NIF*.....
 con domicilio (*para os efectos de notificacións e requirimentos*) en.....

(*endereço, poboación, código postal, provincia*), no seu nome.....

(*nome, apelidos e N.I.F. do apoderado*), con poderes abondo para obrígala neste acto, segundo resulta da verificación da representación da parte inferior deste documento.

AVALA

Á sociedade de corredoría de seguros.....

N.I.F., ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, como acreditación da capacidade financeira esixida como requisito para exercer a actividade de corredoría de seguros polo artigo 27.1 f) da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados ata o importe de (*en número e letra*).....

.....(*mínimo 18.760 euros*).

A entidade avalista declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos esixidos no artigo 16 do Real Decreto 161/1997, do 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa aos beneficios de excusión e división e con compromiso de pagamento ao primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos.

A vixencia da presente garantía comezará a partir da data na que sexa estendida e ata que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos autorice expresamente a súa cancelación ou devolución.

O presente aval foi inscrito no día da data no Rexistro Especial de Avais co número.....

.....(*selo entidade*)

.....(*lugar e data*)

.....(*razón social da entidade*)

.....(*sinatura do apoderado*)

VERIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN POLA ASESORÍA XURÍDICA OU AVOGACÍA DO ESTADO		
Provincia:	Data:	Número ou código:



ANEXO VII

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

DENOMINACIÓN SOCIAL: Haga clic aquí para escribir texto.

NIF: Haga clic aquí para escribir texto.

OBJECTO SOCIAL: Haga clic aquí para escribir texto.

No seu caso, declaración de actividades distintas á de corredoría de seguros: Informar acerca doutras actividades distintas a de corredoría de seguros que se pretenda iniciar ou continuar desenvolvendo (con distinción entre actividade vinculada ao seguro privado e actividade allea ao seguro privado):

Haga clic aquí para escribir texto.

Deberá así mesmo realizar unha descrición detallada e explicar o modelo de xestión a aplicar para diferenciar as devanditas actividades (por exemplo: ingresos e gastos, documentación de xiro ou tráfico, dirección e empregados):

Haga clic aquí para escribir texto.

RAMOS E RISCOS

- Ramos de seguro e a clase de riscos en que se proxecte mediar:

Haga clic aquí para escribir texto.

Breve comentario da xestión técnica e administrativa: xerencia de riscos, tramitación das solicitudes de seguro e suplementos de pólizas, xestión polo corredor do cobramento de primas e do pagamento de sinistros:

Haga clic aquí para escribir texto.

Procedementos e actuacións profesionais a realizar para facilitar aos clientes a asistencia nos supostos de sinistro:

Haga clic aquí para escribir texto.

Identificación das entidades aseguradoras nas que considera factible colocar os riscos nos que se medie, indicando os criterios profesionais seguidos para a súa elección.:

Haga clic aquí para escribir texto.

ESTRUTURA DA ORGANIZACIÓN, MEDIOS PERSOAIS E MEDIOS MATERIAS

- ✓ Estrutura da Organización. Débese cumprimentar nos modelos do [Anexo VII.2](#), [Anexo VII.3](#) e do [Anexo VII.4](#).
- ✓ Medios Persoais e outros colaboradores. Débense cumprimentar nos modelos do [Anexo VII.5](#), [Anexo VII.6](#) e do [Anexo VII.7](#)

MEDIOS MATERIAIS:

LOCAIS

OFICINAS	ENDEREZO	POBOACIÓN/PROVINCIA	RÉXIME USO (1)
Domicilio social			
Oficina principal			
Sucursal 1ª (2)			
Sucursal 2ª (2)			

(1) Réxime de uso: indicárase en propiedade, arrendamento, cesión etc.

(2) Cubrir no suposto de que se prevea a apertura de sucursais durante os tres primeiros exercicios de actividade.



OFICINAS	TELÉFONO	Correo electrónico	Conexión internet	Dirección internet
Domicilio social				
Oficina principal				
Sucursal 1ª				
Sucursal 2ª				

Por cada unha destas oficinas deberase achegar:

- Un pequeno plano do local, indicando os m², división e uso dado a cada unha das instalacións (arquivo, sala de espera, despachos etc.)
- No caso de que a actividade de corredoría se exerza no mesmo local xunto a outras actividades deberá indicar como se diferenciarán as distintas actividades: [Haga clic aquí para escribir texto.](#)
- Elementos identificadores, dentro e fóra do local, do exercicio da actividade de corredoría: [Haga clic aquí para escribir texto.](#)
- Documento que acredite o réxime de uso do local: escritura de propiedade, contrato de arrendamento, documento de cesión etc.

INFORMÁTICA E OUTROS MEDIOS

Por cada unha destas oficinas deberase indicar:

- Número de ordenadores, impresoras, fotocopiadora, módem, escáner, etc: [Haga clic aquí para escribir texto.](#)
- Software, indicando os programas informáticos que utilizará e, no seu caso, a aplicación informática específica para a xestión de corredoría de seguros: [Haga clic aquí para escribir texto.](#)

DEPARTAMENTO O SERVIZO DE ATENCIÓN AO CLIENTE/DEFENSOR DO CLIENTE

En cumprimento do establecido no artigo 44 da Lei 26/2006 deberá achegarse:

- Documento do acordo do órgano de administración da sociedade relativo á creación do Servizo de Atención ao Cliente, a quen se vai designar como titular e que recolla a aprobación do Regulamento de funcionamento do Servizo de Atención ao Cliente.

Deberá xuntarse ademais a seguinte documentación:

- Currículo do titular do departamento ou servizo de atención ao cliente, incorporando expresamente os detalles relativos aos seus coñecementos e experiencia en funcións relacionadas coa actividade de mediación en seguros privados.
- Declaración, relativa á honorabilidade comercial e profesional, asinada polo titular do departamento ou servizo de atención ao cliente, facendo constar que veu observando unha traxectoria persoal de respecto ás leis mercantís e outras que regulan a actividade económica e a vida dos negocios, así como as boas prácticas comerciais e financeiras.
- Regulamento de Funcionamento que se vai aplicar.

No caso de contar con un departamento de Defensa do cliente regulado no artigo 45 da lei 26, deberá remitir a mesma documentación relacionado nos puntos anteriores.

PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA (declaración escrita sobre esta información):

Inclusión dun compromiso de dispoñer dun programa de formación para aquelas persoas que como empregadas ou colaboradoras externas asuman funcións que supoñan unha relación máis directa cos posibles tomadores do seguros e asegurados.



PREVISIÓNS ECONÓMICAS

▪ CARTEIRAS DE SEGUROS A INCORPORAR

Se se pretende incorporar ao proxecto para o que se solicita autorización como corredor de seguros algunha carteira de seguros, deberase acreditar documentalmente mediante certificado da compañía, expedido nunha data non superior a dous meses á da solicitude, na que se faga constar:

- a. Nome, apelidos, NIF/NIE e cargo da persoa que expide o certificado.
- b. Identificación do titular da carteira: Nome, apelidos e NIF/NIE, se é persoa física ou denominación social, CIF e identificación do representante legal se é persoa xurídica.
- c. Indicación do número de pólizas e importe de primas intermediadas, desagregado por ramos.
- d. No caso de vir exercendo como axente de seguros, o consentimento da entidade aseguradora para modificar a posición mediadora na devandita carteira.
- e. Lugar, data, sinatura e selo da entidade.

▪ PREVISIÓNS DE NEGOCIO

Deberanse xustificar as previsións relativas ás primas de seguro que se vaian mediar e a adecuación destas aos medios e recursos dispoñibles. Débese ter en conta que debe ter compromisos ou acordos con, ao menos, tres entidades aseguradoras.

1º EXERCICIO		2º EXERCICIO		3º EXERCICIO	
Entidade	Primas	Entidade	Primas	Entidade	Primas
TOTAL ANO 1		TOTAL ANO 2		TOTAL ANO 3	

▪ INGRESOS E GASTOS

INGRESOS	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO
Comisións			
Honorarios profesionais			
Outros ingresos			
TOTAL INGRESOS			

GASTOS	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO
Soldos e salarios			
Cota patronal da Seguridade Social			
Arrendamento de bens inmobles			
Comisións cedidas a colaboradores			
Formación continua			
Outros gastos			
TOTAL GASTOS			

INGRESOS - GASTOS			
--------------------------	--	--	--



ANEXO VII.1

DECLARACIÓN DE ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN

D/D^a: _____ con NIF/NIE: _____

na miña condición de representante legal da sociedade mercantil/cooperativa: _____

con NIF: _____

DECLARO:

Que o domicilio e o ámbito de operacións da sociedade de corredoría á que represento, se limitan ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Asinado electronicamente:



ANEXO VII.2

SOCIOS

D / D^a: _____ con NIF/NIE: _____ actuando en calidade de _____

como representante legal de: _____

DECLARA

Que o capital social é de _____ €, estando dividido en _____ accións / participacións e actualmente suscrito polos seguintes socios:

SOCIOS				(No caso de que o socio sexa unha persoa xurídica)		
Nome e apelidos/Denominación social	NIF/NIE/CIF	%	Data de alta	Obxecto social	Representante legal	NIF/NIE

Asinado electronicamente:



ANEXO VII.3

ADMINISTRADORES

D / D^a: _____ con NIF/NIE: _____ actuando en calidade de _____

como representante legal de: _____

DECLARA

Que os administradores da sociedade son:

ADMINISTRADORES				(No caso de que sexa unha persoa xurídica)	
Nome e apelidos/Denominación social	NIF/NIE	Cargo	Data nomeamento ^{do}	Representante legal	NIF/NIE

Asinado electronicamente:



OUTROS CARGOS DE DIRECCIÓN

D / D^a: _____ con NIF/NIE: _____ actuando en calidade de _____

como representante legal de: _____

DECLARA

Que as persoas que integran o órgano de dirección responsable da mediación dos seguros, son:

PERSOAS RESPONSABLES DA MEDIACIÓN				(No caso de que sexa unha persoa xurídica)	
Nome e apelidos/Denominación social	NIF/NIE	Cargo	Data de nomeamento	Representante legal	NIF/NIE

Que as persoas que exercen a dirección técnica ou posto asimilado, son:

DIRECTOR TÉCNICO OU POSTO ASIMILADO			
Nome e apelidos	NIF/NIE	Denominación do cargo	Data de nomeamento

Asinado electronicamente:



ANEXO VII.5

EMPREGADOS

D / D^a: _____ con NIF/NIE: _____ actuando en calidade de _____

como representante legal de: _____

DECLARA

Que os empregados que exercen funcións de asesoramento aos clientes e participan directamente na mediación, son:

Nome e apelidos	NIF/NIE	Funcións	Data de alta

Que os empregados que desempeñan funcións auxiliares de captación de clientes ou de tramitación administrativa, sen prestar asesoramento nin asistencia aos clientes na xestión, execución ou formalización dos contratos ou en caso de sinistro, son:

Nome e apelidos	NIF/NIE	Funcións	Data de alta

Asinado electronicamente:



ANEXO VII.6

OUTRAS PERSOAS QUE PARTICIPAN DIRECTAMENTE NA MEDIACIÓN

D / D^a: _____ con NIF/NIE: _____ actuando en calidade de _____

como representante legal de: _____

DECLARA

Que, aparte dos empregados, outras persoas que participan directamente na mediación dos seguros, son:

OUTRAS PERSOAS QUE PARTICIPAN DIRECTAMENTE NA MEDIACIÓN			
Nome e apelidos	NIF/NIE	Cargo	Data de alta

Asinado electronicamente:



ANEXO VII.7

COLABORADORES EXTERNOS

D / D^a: _____ con NIF/NIE: _____ actuando en calidade de _____

como representante legal de: _____

DECLARA

Que os colaboradores externos que exercen funcións de asesoramento aos clientes e participan directamente na mediación, son:

Nome e apelidos	NIF/NIE	Funcións	Data de alta

Que os colaboradores externos que desempeñan funcións auxiliares de captación de clientes ou de tramitación administrativa, sen prestar asesoramento nin asistencia aos clientes na xestión, execución ou formalización dos contratos ou en caso de sinistro, son:

Nome e apelidos	NIF/NIE	Funcións	Data de alta

Asinado electronicamente:



ANEXO VIII.1

COMPROMISO DE RESCISIÓN DO CONTRATO DE AXENCIA

Nome e apelidos: _____ con NIF/NIE: _____

actuando en calidade de representante legal da sociedade mercantil:

_____ con NIF: _____

Declaro que, no caso de que se obteña a inscrición no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia adscrito á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, a sociedade cesará automaticamente na súa actividade de axencia de seguros, para os efectos de non incorrer nas incompatibilidades establecidas no artigo 32.1 da Lei 26/2006, de 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.

Asinado electronicamente:



ANEXO VIII.2

COMPROMISO DE RESCISIÓN DO CONTRATO DE AXENTE

Nome e apelidos: _____ con NIF/NIE: _____
e domicilio a efectos de notificacións en _____ núm. ____ Concello
_____ C.P. _____ Provincia _____

Declaro baixo a miña responsabilidade que no caso de ser inscrito no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia, como director técnico ou como membro do órgano de dirección responsable da mediación da sociedade de corredoría _____, NIF: _____, rescindirei o meu contrato de axente que na actualidade me ten vinculado coa compañía de seguros _____, código de aseguradora _____, para os efectos de non incorrer nas incompatibilidades establecidas no artigo 32.2 da Lei 26/2006, de 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.

Asinado electronicamente:



ANEXO VIII

DECLARACIÓN DE NON INCORRER EN INCOMPATIBILIDADE

Nome e apelidos: _____

con NIF/NIE: _____ de nacionalidade _____

con domicilio na rúa _____

municipio _____ C.P. _____ Teléfono _____

actuando en calidade de: _____

da entidade mercantil / cooperativa _____

Declaro baixo a miña responsabilidade que non ostento cargo nin desenvolvo función ningunha que poida coaccionar a libre decisión dos interesados en orde á contratación de seguros ou á elección de entidade aseguradora, nin limitar a miña capacidade para ofrecer un asesoramento independente respecto ás entidades aseguradoras que concorren no mercado e aos distintos tipos de pólizas, coberturas e prezos ofrecidos por aquelas.

Declaro, igualmente, que tampouco incorro nos supostos de incompatibilidade considerados nos artigos 31 e 32 da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.

Asinado electronicamente: